

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

1643 *Real decreto 100/2011, do 28 de xaneiro, polo que se actualiza o Catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera e se establecen as disposicións básicas para a súa aplicación.*

A Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, ten por obxecto establecer as bases en materia de prevención, vixilancia e redución da contaminación atmosférica co fin de evitar ou minorar os danos que dela poidan derivar para as persoas, o ambiente e demais bens de calquera natureza. Para iso é fundamental o control en orixe da dita contaminación, tratando de evitar as emisións á atmosfera ou, cando isto non é posible, de minimizar as súas consecuencias.

Neste sentido, a Lei 34/2007, do 15 de novembro, adopta un enfoque integral ao incluír no seu ámbito de aplicación todas aquelas fontes cuxas emisións antropoxénicas son estimadas para elaborar o inventario español de emisións á atmosfera, tratando de lograr unha universalidade na aplicación das súas prescricións xerais. Doutra banda, complementa este enfoque integral cunha ferramenta clásica de control como é o sometemento de certas instalacións, nas cales se desenvolven actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera, a un réxime de intervención administrativa específico. Para iso identifica e asigna, de ser o caso, a algún do tres grupos A, B e C que recolle a lei, aquelas actividades que considera que deben ser obxecto dun control específico e individualizado.

Esta medida instrumentalízase co Catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera incluído no anexo IV, o cal comprende unha primeira parte cunha relación de actividades sen grupo asignado baseada na clasificación SNAP-97 («Selected Nomenclature for Air Pollution»), e unha segunda parte que recolle enumeracións de instalacións e actividades concretas asignadas aos grupos A, B e C, baseadas na que figuraba no Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico.

Esta formulación, con todo, estaba pendente da debida actualización, conforme o establecido na disposición derradeira novena -número 2- da Lei 34/2007, do 15 de novembro, tarefa normativa que acomete este real decreto.

Esta actualización do catálogo supera a anterior división en dúas partes, unificando ambas nunha única relación de actividades baseada na sistematización SNAP-97, desenvolvida pola Axencia Europea do Medio Ambiente, empregada a nivel europeo no programa CORINAIR e base da elaboración dos inventarios españois de emisións. Esta clasificación desenvolveuse nun nivel adicional que permite considerar tanto novas actividades como posibilitar a súa desagregación en función da súa potencia ou capacidade, permitindo así a súa asignación aos diferentes grupos en función do seu potencial contaminador.

O resultado é unha reforma en profundidade orientada á actividade que mantén o enfoque integral da lei e permite, ao empregar unha estrutura internacionalmente aceptada, a correlación co inventario español de emisións. Desta maneira axilízase a súa aplicación xeral, á vez que permite dispor dunha fonte esencial de información para o coñecemento do estado do ambiente, o deseño e avaliación de políticas ambientais, ou o desenvolvemento de estudos e investigacións ambientais, sociais e económicas entre outras finalidades. Facilítase, ademais, a revisión periódica da relación de categorías recollidas no catálogo e prevista no artigo 13.1 da Lei 34/2007, do 15 de novembro, cunha periodicidade mínima quinquenal, de maneira que no futuro se dispoña da información necesaria para valorar a necesidade de modificación das asignacións a grupos e decidir se convén ou non manter

as actividades existentes, excluír algunha ou incorporar outras novas en función da maior ou menor contribución delas á contaminación atmosférica.

En relación coas asignacións a grupos, incorpórase tamén a posibilidade de considerar certas actividades nun grupo máis restritivo nos casos en que, en determinadas zonas e conforme os criterios fixados nos plans de calidade do aire, sexa necesario para a consecución dos obxectivos expostos neles. Esta posibilidade de cambio de grupo prevese tamén, a criterio da autoridade competente, para aqueles casos en que a proximidade a núcleos urbanos ou espazos naturais protexidos, ou a emisión de determinadas substancias perigosas, supoña un maior risco de xerar danos ou molestias.

Unha vez identificadas as diferentes actividades potencialmente contaminadoras presentes na instalación e os seus grupos, expóñense uns criterios xerais para fixar o grao de intervención administrativa da instalación en función da suma da potencia térmica nominal, capacidade de produción, capacidade de consumo de disolventes ou capacidade de manexo de materiais das distintas actividades dun mesmo tipo que se poidan desenvolver na dita instalación.

Todas estas medidas, que tratan de adecuar o grao de intervención administrativa sobre a instalación ao seu potencial contaminador total, complétanse coa actualización dunha serie de disposicións básicas que permiten a derogación de todos os elementos relativos a emisións do Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, co cal esta norma queda completamente derogada por este real decreto e o Real decreto 102/2010, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.

Desta maneira desenvólvense unha serie de obrigacións xerais dos titulares en relación co control das emisións, a realización dos seus controis, o mantemento de rexistros e a comunicación da información relativa a emisións e controis ao órgano competente da súa comunidade autónoma. Así mesmo, promóvese a simplificación e coordinación dos diferentes trámites administrativos, así como a súa realización por medios electrónicos, todo iso co obxectivo de facilitar a aplicación das medidas establecidas pola lei en relación coas actividades potencialmente contaminadoras por parte das comunidades autónomas, e sempre supeditado ás prescricións e procedementos que estas establezan.

Convén, así mesmo, destacar entre os elementos destinados a modular e adecuar os requisitos exixibles ao potencial contaminador real da instalación a derogación dos valores límite de emisión e periodicidades xerais de control establecidos no Decreto 833/1975, do 6 de febreiro. Desta forma, será a autorización a que estableza as periodicidades de control e os valores límite de emisión de substancias contaminantes, que se basearán nas mellores técnicas dispoñibles e tomando en consideración as características técnicas da instalación, a súa implantación xeográfica e as condicións locais do ambiente.

No caso particular das instalacións suxeitas a notificación, unicamente se mantén a aplicación dos controis quinquenais e valores límite de emisión a aquelas actividades para as cales non exista outra normativa, de maneira transitoria mentres non se actualicen estes, prevéndose un prazo máximo de dous anos para a actualización dos valores límite de emisión. Como complemento á eliminación dos requisitos mínimos de control incluíuse a posibilidade de que, unha vez que o órgano competente teña coñecemento do potencial contaminador real da instalación, poida establecer, para aqueles casos en que sexa necesario e de maneira proporcionada, requisitos técnicos e controis específicos ás emisións ou ben eximir deles naqueles casos en que se consideren innecesarios ou tecnicamente imposibles de aplicar.

Este real decreto dítase de conformidade coa disposición derradeira novena- punto primeiro- da Lei 34/2007, do 15 de novembro, que habilita o Goberno para que aprobe cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación, execución e desenvolvemento do establecido na lei, en concreto, de acordo co punto segundo da dita disposición, que establece o mandato legal para que o Goberno -após consulta coas comunidades autónomas- actualice o anexo IV da lei básica.

Esta norma ten natureza xurídica de lexislación básica e adopta a forma de real decreto dado que a natureza da materia regulada, ademais do seu carácter marcadamente técnico,

resulta un complemento necesario indispensable para asegurar o mínimo común normativo e para garantir a consecución da finalidade obxectiva a que responde a competencia estatal sobre bases, logrando un marco coordinado de aplicación a todo o territorio nacional.

A elaboración deste real decreto foi realizada coa participación e consulta das comunidades autónomas e o Consello Asesor de Medio Ambiente, consultados os sectores afectados e coa información e participación do público mediante medios telemáticos.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xaneiro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto a actualización do Catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera contido no anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, así como o establecemento de determinadas disposicións básicas para a súa aplicación e uns mínimos criterios comúns en relación coas medidas para o control das emisións que poidan adoptar as comunidades autónomas para as actividades incluídas no dito catálogo.

2. Será de aplicación a todas as actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera relacionadas no anexo, xa sexan de titularidade pública ou privada.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) «Actividade asimilable»: aquela que, non estando expresamente identificada no catálogo como tal, polas súas características, procesos ou potencial de emisión de contaminantes, sexa ao xuízo da autoridade competente similar a algunha das actividades potencialmente contaminadoras incluídas no mencionado catálogo.

b) «Actividade do mesmo tipo»: aquela actividade incluída no catálogo que ten en común polo menos os 6 primeiros díxitos do código de actividade e unicamente se diferencia das doutras epígrafes nos rangos de potencia ou capacidade.

c) «Capacidade de consumo de disolventes»: consumo de disolventes derivado do funcionamento dun certo equipamento ou actividade nunha instalación operando á súa capacidade de produción durante o período de tempo especificado.

d) «Capacidade de manipulación de materiais»: cantidade máxima de materiais pulverulentos non confinados na instalación que poden ser tratados, almacenados ou expedidos nun período de tempo especificado. En caso de varios equipamentos instalados en serie, a capacidade virá determinada polo equipamento máis limitante.

e) «Capacidade de produción»: cantidade máxima de produto que pode ser elaborado nun período de tempo especificado nun determinado equipamento ou actividade nunha instalación, especificada polo construtor e confirmada polo operador, sen a consideración de limitacións derivadas do réxime de funcionamento.

f) «Control externo das emisións»: é a comprobación e verificación, polos organismos de control establecidos pola comunidade autónoma, do correcto funcionamento dos sistemas de prevención, corrección e seguimento da contaminación atmosférica, dos valores límite de emisión e das condicións establecidas na autorización e na normativa aplicable en materia de contaminación atmosférica.

g) «Control interno ou autocontrol das emisións»: é a comprobación por parte do responsable da instalación, de acordo cos criterios e polos medios que determine a Administración competente, do correcto funcionamento dos sistemas de prevención e control da contaminación atmosférica, dos valores límite de emisión e das condicións

establecidas na autorización e na normativa aplicable en materia de contaminación atmosférica.

h) «Disolventes»: os compostos considerados como tales no Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades.

i) «Emisións sistemáticas»: a emisión de contaminantes en forma continua ou intermitente e sempre que existan emisións esporádicas cunha frecuencia media superior a doce veces por ano natural, cunha duración individual superior a unha hora, ou con calquera frecuencia, cando a duración global das emisións sexa superior ao 5 por 100 do tempo de funcionamento da planta.

j) «Emisións difusas»: toda descarga á atmosfera, non realizada por focos canalizados, continua ou discontinua, de partículas ou gases procedentes directa ou indirectamente de calquera fonte susceptible de producir contaminación atmosférica. Quedan incluídas as emisións non capturadas liberadas ao ambiente exterior por xanelas, portas, respiradoiros e aberturas similares, ou directamente xeradas en exteriores.

k) «Foco canalizado»: elemento ou dispositivo a través do cal ten lugar unha descarga á atmosfera de contaminantes atmosféricos, xa se produza esta de forma continua, discontinua ou puntual e con orixe nun único equipamento ou en diversos equipamentos, procesos e/ou actividades e que poidan ser recadados para a súa emisión conxunta á atmosfera.

l) «Núcleo de poboación»: parte do territorio que teña a consideración de solo urbanizado de acordo co establecido no Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, que aproba o texto refundido da Lei do solo, e que dispoña ou estea previsto que dispoña de edificacións e das súas correspondentes dotacións con fins residenciais.

m) «Potencia térmica nominal»: calor máxima (referida ao poder calorífico inferior do combustible) que podería liberar o queimador do equipamento de combustión correspondente funcionando co gasto indicado de acordo coas especificacións do fabricante, construtor ou montador.

n) «Substancias perigosas»: as que se consideren como tales atendendo ao disposto no Regulamento (CE) nº 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, polo que se modifican e derrogan as directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) nº 1907/2006. Terán igualmente tal consideración aquelas que se adecuen ao disposto no artigo 3 do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas ou, de ser o caso, ao disposto na normativa posterior que actualice ou modifique as mencionadas disposicións.

Artigo 3. *Actualización do Catálogo de actividades potencialmente contaminadoras.*

1. Actualízase o Catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera do anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, substituíndoo polo do anexo deste real decreto.

2. O catálogo actualizado referido no punto anterior inclúe:

- a) Identificación da actividade e, de ser o caso, rangos de potencia ou capacidade.
- b) Asignación, de ser o caso, a algún dos grupos relacionados no artigo 13 da Lei 34/2007, do 15 de novembro.
- c) Código de cada actividade, estruturado en catro niveis identificados por 2, 4, 6 ou 8 díxitos.
- d) Consideracións específicas.

Artigo 4. *Asignación de actividades a grupos A, B ou C.*

As actividades potencialmente contaminadoras, así como as actividades asimilables a elas, e independentemente de que poidan xerar emisións de contaminantes á atmosfera

de forma canalizada ou difusa, pertencerán ao grupo indicado no catálogo, de acordo, de ser o caso, coas consideracións específicas referidas no artigo 3.2.d).

As comunidades autónomas poderán establecer criterios de cambio a grupos máis restritivos para as actividades potencialmente contaminadoras nos plans de mellora da calidade do aire.

Artigo 5. Criterios xerais referentes á autorización e notificación de instalacións.

1. Quedan sometidas á autorización administrativa prevista no artigo 13.2 da Lei 34/2007, do 15 de novembro, outorgada polas comunidades autónomas nos termos que estas determinen, todas aquelas instalacións que, non estando incluídas na disposición adicional segunda da dita lei, cumpran con algún dos seguintes requisitos:

- a) Que se desenvolva algunha actividade pertencente aos grupos A ou B.
- b) Teñan lugar varias actividades dun mesmo tipo, de maneira que, mesmo sendo estas independentes ou constando de focos distintos, a suma das potencias ou capacidades de produción, manipulación ou consumo de disolventes supere o limiar considerado para a pertenza aos grupos B ou A do dito tipo de actividade.

A potencia dos equipamentos de poscombustión non empregados para tratamento de gases residuais sumarase á do equipamento principal ao cal estean conectados para os efectos do referido no parágrafo anterior.

2. Para a determinación na autorización dos valores límite de emisión, ou medidas técnicas que os complementen ou substitúan, segundo o previsto no artigo 13.4.a) da Lei 34/2007, do 15 de novembro, o órgano competente deberá ter en conta:

- a) A adopción das técnicas e medidas adecuadas para previr a contaminación e, na medida do posible, as mellores técnicas dispoñibles, considerando en particular a información subministrada pola Administración xeral do Estado, de acordo co establecido no artigo 8.1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, para aquelas actividades para as cales estea dispoñible.
- b) As características técnicas da instalación, a súa implantación xeográfica e as condicións locais do ambiente.
- c) A natureza das emisións e o seu potencial traslado dun medio a outro, así como a súa incidencia nas persoas e no ambiente potencialmente afectados.
- d) Os plans e programas aprobados de acordo co establecido nos puntos 1 e 2 do artigo 16 da Lei 34/2007, do 15 de novembro.
- e) Os valores límite de emisión fixados, de ser o caso, pola normativa en vigor na data da autorización, ou nos tratados internacionais subscritos polo Estado español ou pola Unión Europea.

3. Quedan sometidas á notificación prevista no artigo 13.3 da Lei 34/2007, do 15 de novembro, que se remitirá ao órgano competente da comunidade autónoma nos termos que estas determinen, todas aquelas instalacións que, non estando afectadas pola disposición adicional segunda da dita lei nin polo punto anterior, cumpran con algún dos seguintes requisitos:

- a) Que nelas se desenvolvan actividades pertencentes ao grupo C.
- b) Que nelas se desenvolvan varias actividades dun mesmo tipo de maneira que, mesmo sendo estas independentes ou constando de focos distintos, a suma das súas potencias, capacidades de produción, de manipulación, ou de consumo de disolventes supere o limiar considerado para a pertenza ao grupo C do dito tipo de actividade.

A potencia dos equipamentos de poscombustión non empregados para tratamento de gases residuais sumarase á do equipamento principal ao cal estean conectados para os efectos do referido no parágrafo anterior.

4. Unha vez que teña coñecemento do potencial contaminador real das instalacións referidas no punto 3, o órgano competente poderá establecer, en función del e de maneira

proporcionada, específica e individual, requisitos para o control das emisións das ditas instalacións, logo de audiencia ao interesado e baseados en criterios análogos aos establecidos para as autorizacións.

De igual forma, poderá eximir as instalacións da realización total ou parcial de controis nos casos relacionados no artigo 6.7.

5. As comunidades autónomas poderán simplificar e coordinar os trámites mencionados nos puntos 1 e 3 nos casos en que as instalacións estean suxeitas por outras normativas a requisitos polo menos equivalentes de autorización, notificación ou inscrición en rexistros administrativos.

En particular, en relación con aquelas instalacións para as cales se apliquen sistemas de xestión ambiental certificados externamente mediante EMAS ou ISO 14001, as comunidades autónomas poderán establecer normas que simplifiquen os mecanismos de comprobación do cumprimento das obrigacións derivadas da autorización mencionada no punto 1, así como a tramitación da correspondente solicitude de autorización ou de modificación substancial e das súas sucesivas renovacións.

Artigo 6. *Obrigacións dos titulares en relación coas emisións e co seu control.*

1. Os titulares das instalacións en que se desenvolvan actividades incluídas no catálogo minimizarán tanto as emisións canalizadas como as difusas de contaminantes á atmosfera aplicando, na medida do posible, as mellores técnicas dispoñibles. Así mesmo adoptaranse, nos casos de focos canalizados, os procedementos de dispersión máis adecuados que minimicen o impacto na calidade do aire na súa zona de influencia.

2. Os elementos necesarios para o cumprimento das disposicións relativas ao control e dispersión das emisións deberán estar operativos no momento da posta en marcha total ou parcial da instalación e mentres esta se atope en funcionamento, salvo que expresamente se consideren outras medidas na autorización, de acordo ao artigo 13.4.d) da Lei 34/2007.

3. Os titulares das instalacións reguladas no artigo 5.1 realizarán os controis externos e internos específicos das emisións das diferentes actividades que se desenvolvan nas ditas instalacións de acordo co establecido na autorización e normativa aplicable.

4. Os titulares das instalacións reguladas no artigo 5.1 medirán en continuo as emisións dos focos canalizados nos casos en que así se estableza na normativa aplicable, no contido da autorización ou, posteriormente, mediante resolución do órgano competente con base nos criterios establecidos. Da mesma maneira, contribuirán á medida dos niveis de calidade do aire, nas áreas que designe a autoridade competente e conforme os requirimentos e medios que esta estableza.

5. Os titulares das instalacións reguladas no artigo 5.3 cumpriran as disposicións relativas ao control e dispersión das emisións e realizarán os controis externos e internos das emisións das actividades que se desenvolvan nas ditas instalacións, de acordo co establecido na normativa aplicable, plans de calidade do aire aprobados polas administracións competentes, ou en virtude do artigo 5.4 nos casos en que sexa aplicable.

6. O órgano competente poderá exixir controis adicionais aos titulares daquelas instalacións sobre as cales haxa indicios de incumprimento das condicións da autorización ou da normativa aplicable.

7. O órgano competente poderá eximir as instalacións da realización total ou parcial de controis nos casos en que non sexa tecnicamente posible ou en focos de emisións non sistemáticas.

Artigo 7. *Requisitos relativos aos procedementos de control.*

1. As medicións das emisións e os informes resultantes que se leven a cabo no marco dos controis referidos no artigo anterior realizaranse de acordo coa norma UNE-EN 15259:2008 ou actualización dela, para o cal as instalacións deberán dispor de sitios e seccións de medición conforme a citada norma. Así mesmo, a mostraxe e análise dos contaminantes e parámetros complementarios, así como os métodos de medición de

referencia para calibrar os sistemas automáticos de medición, realizaranse conforme as normas CEN existentes.

O anterior punto non será exixible nos casos en que o órgano competente estableza outras especificacións técnicas equivalentes.

Así mesmo, o órgano competente poderá establecer as especificacións técnicas e os requisitos relativos aos procedementos de control das emisións difusas.

2. Os organismos de control autorizado que establecesen as comunidades autónomas remitirán os informes resultantes dos controis externos ao órgano competente da comunidade autónoma de acordo cos contidos, procedemento e formatos que este estableza.

Artigo 8. Requisitos relativos aos procedementos de rexistro e información das emisións.

1. Os titulares das instalacións reguladas no artigo 5 deberán manter debidamente actualizado, de acordo co procedemento, contidos e formatos que o órgano competente estableza, un rexistro que inclúa, polo menos, datos relativos á identificación de cada actividade, de cada foco emisor, e do seu funcionamento, emisións, incidencias, controis e inspeccións. Deberán, así mesmo, conservar a información relativa a un período non inferior a 10 anos.

2. Os titulares das instalacións mencionadas no punto anterior comunicaranlle ao órgano competente da comunidade autónoma a información rexistrada de acordo cos contidos, procedementos e formatos que este estableza.

3. As comunidades autónomas facilitarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño a información dispoñible relevante relativa ás instalacións en que se desenvolvan actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera para o cumprimento das obrigacións derivadas da normativa europea e internacional e para a súa integración no sistema español de información, vixilancia e prevención da contaminación atmosférica.

Artigo 9. Réxime sancionador.

O incumprimento das obrigacións establecidas neste real decreto cualificarase, en cada caso, como infracción leve, grave ou moi grave e sancionarse de conformidade co establecido no capítulo VII da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.

Disposición adicional única. Tramitación electrónica.

Os interesados poderán tramitar as obrigacións de información e os procedementos que deriven desta norma por medios electrónicos. As administracións públicas promoverán que se habiliten os medios necesarios para facer efectiva esta vía.

Disposición transitoria única. Adaptación das instalacións existentes.

1. As comunidades autónomas fixarán os prazos de adaptación ao establecido nesta norma para as instalacións legalmente en funcionamento con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, ou que solicitasen as correspondentes autorizacións exixibles pola normativa aplicable, sempre que se poñan en funcionamento como moi tarde 12 meses despois da dita data.

2. En todo caso, estes prazos de adaptación deberán ser inferiores a catro anos a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou menor rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, os títulos V, VI e VII e o anexo IV do Decreto

833/1975, do 6 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico.

No entanto, o anexo IV do Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, será de aplicación a aquelas instalacións consideradas no artigo 5.3 e poderase usar como referencia para os efectos da alínea e) do artigo 5.2 mentres non exista ningunha normativa que estableza outros valores límite de emisión.

Seguirán sendo aplicables igualmente as referencias aos valores límite de emisión do citado anexo nas autorizacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

2. Queda derogada, así mesmo, a Orde do 18 de outubro de 1976 sobre prevención e corrección da contaminación industrial da atmosfera.

No entanto, a citada orde manterá a súa vixencia naquelas comunidades e cidades autónomas que non teñan normativa aprobada na materia mentres non se dita esta normativa.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia do Estado sobre lexislación básica sobre protección do ambiente que lle outorga o artigo 149.1.23ª da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Coordinación de formatos e procedementos de comunicación.*

Os formatos e procedementos en relación coas comunicacións establecidas no artigo 8.3 estableceranse en colaboración coas comunidades autónomas cos obxectivos de simplificación, compatibilidade, coordinación e, de ser o caso, integración cos requisitos xa previstos nas distintas normativas aplicables, en especial, os considerados no Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula a subministración de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de xaneiro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO

ANEXO

Catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera. CAPCA-2010

P.t.n.: potencia térmica nominal
 Wt : watts térmicos
 c.p. : capacidade de produción
 a.e.a.: actividades especificadas na epígrafe anterior
 c.c.d.: capacidade de consumo de disolvente
 “-“ : sen grupo asignado

ACTIVIDADE	GRUPO	CÓDIGO
COMBUSTIÓN NO SECTOR DE PRODUCCIÓN E TRANSFORMACIÓN DE ENERXÍA		01
XERACIÓN DE ELECTRICIDADE PARA A SÚA DISTRIBUCIÓN POLA REDE PÚBLICA		01 01
Caldeiras de P.t.n. \geq 300 MWt	A	01 01 01 00
a.e.a., de P.t.n. $<$ 300 MWt e \geq 50 MWt	A	01 01 02 00
a.e.a., de P.t.n. $<$ 50 MWt e $>$ 20 MWt	B	01 01 03 01
a.e.a., de P.t.n. \leq 20 MWt e $>$ 2,3 MWt ⁽¹⁾	B	01 01 03 02
a.e.a., de P.t.n. \leq 2,3 MWt e \geq 70 kWt ⁽¹⁾	C	01 01 03 03
a.e.a., de P.t.n. $<$ 70 kWt	-	01 01 03 04
Turbinas de gas de P.t.n. \geq 50 MWt	A	01 01 04 01
a.e.a., de P.t.n. $<$ 50 MWt e $>$ 20 MWt	B	01 01 04 02
a.e.a., de P.t.n. \leq 20 MWt e $>$ 2,3 MWt	B	01 01 04 03
a.e.a., de P.t.n. \leq 2,3 MWt e \geq 70 kWt	C	01 01 04 04
a.e.a., de P.t.n. $<$ 70 kWt	-	01 01 04 05
Motores de combustión interna de P.t.n. $>$ 20 MWt	A	01 01 05 01
a.e.a., de P.t.n. \leq 20 MWt e $>$ 5 MWt	B	01 01 05 02
a.e.a., de P.t.n. \leq 5 MWt e \geq 1 MWt	C	01 01 05 03
a.e.a., de P.t.n. $<$ 1 MWt	-	01 01 05 04
XERACIÓN DE CALOR PARA DISTRITOS URBANOS		01 02
Caldeiras de P.t.n. \geq 300 MWt	A	01 02 01 00
a.e.a., de P.t.n. $<$ 300 MWt e \geq 50 MWt	A	01 02 02 00
a.e.a., de P.t.n. $<$ 50 MWt e $>$ 20 MWt	B	01 02 03 01
a.e.a., de P.t.n. \leq 20 MWt e $>$ 2,3 MWt ⁽¹⁾	B	01 02 03 02
a.e.a., de P.t.n. \leq 2,3 MWt e \geq 70 kWt ⁽¹⁾	C	01 02 03 03
a.e.a., de P.t.n. $<$ 70 kWt	-	01 02 03 04
Turbinas de gas de P.t.n. \geq 50 MWt	A	01 02 04 01
a.e.a., de P.t.n. $<$ 50 MWt e $>$ 20 MWt	B	01 02 04 02
a.e.a., de P.t.n. \leq 20 MWt e $>$ 2,3 MWt	B	01 02 04 03
a.e.a., de P.t.n. \leq 2,3 MWt e \geq 70 kWt	C	01 02 04 04
a.e.a., de P.t.n. $<$ 70 kWt	-	01 02 04 05
Motores de combustión interna de P.t.n. $>$ 20 MWt	A	01 02 05 01
a.e.a., de P.t.n. \leq 20 MWt e $>$ 5 MWt	B	01 02 05 02
a.e.a., de P.t.n. \leq 5 MWt e \geq 1 MWt	C	01 02 05 03
a.e.a., de P.t.n. $<$ 1 MWt	-	01 02 05 04

ACTIVIDADE	GRUPO	CÓDIGO
REFINACIÓN DE PETRÓLEO		01 03
Caldeiras de P.t.n. \geq 300 MWt	A	01 03 01 00
a.e.a., de P.t.n. $<$ 300 MWt e \geq 50 MWt	A	01 03 02 00
Caldeiras de P.t.n. $<$ 50 MWt e $>$ 20 MWt ⁽¹⁾	B	01 03 03 01
a.e.a., de P.t.n. \leq 20 MWt e $>$ 2,3 MWt ⁽¹⁾	B	01 03 03 02
a.e.a., de P.t.n. \leq 2,3 MWt e \geq 70 kWt ⁽¹⁾	C	01 03 03 03
a.e.a., de P.t.n. $<$ 70 kWt	-	01 03 03 04
Turbinas de gas de P.t.n. \geq 50 MWt	A	01 03 04 01
a.e.a., de P.t.n. $<$ 50 MWt e $>$ 2,3 MWt	B	01 03 04 02
a.e.a., de P.t.n. \leq 2,3 MWt e \geq 70 kWt	C	01 03 04 03
a.e.a., de P.t.n. $<$ 70 kWt	-	01 03 04 04
Motores de combustión interna de P.t.n. $>$ 20 MWt	A	01 03 05 01
a.e.a., de P.t.n. \leq 20 MWt e $>$ 5 MWt	B	01 03 05 02
a.e.a., de P.t.n. \leq 5 MWt e \geq 1 MWt	C	01 03 05 03
a.e.a., de P.t.n. $<$ 1 MWt	-	01 03 05 04
Fornos de proceso sen contacto en refinarias de P.t.n. \geq 50 MWt	A	01 03 06 01
Fornos de proceso sen contacto en refinarias de P.t.n. $<$ 50 MWt	B	01 03 06 02
TRANSFORMACIÓN DE COMBUSTIBLES SÓLIDOS		01 04
Caldeiras de P.t.n. \geq 300 MWt	A	01 04 01 00
a.e.a., de P.t.n. $<$ 300 MWt e \geq 50 MWt	A	01 04 02 00
a.e.a., de P.t.n. $<$ 50 MWt e $>$ 20 MWt	B	01 04 03 01
a.e.a., de P.t.n. \leq 20 MWt e $>$ 2,3 MWt ⁽¹⁾	B	01 04 03 02
a.e.a., de P.t.n. \leq 2,3 MWt e \geq 70 kWt ⁽¹⁾	C	01 04 03 03
a.e.a., de P.t.n. $<$ 70 kWt	-	01 04 03 04
Turbinas de gas de P.t.n. \geq 50 MWt	A	01 04 04 01
a.e.a., de P.t.n. $<$ 50 MWt e $>$ 20 MWt	B	01 04 04 02
a.e.a., de P.t.n. \leq 20 MWt e $>$ 2,3 MWt	B	01 04 04 03
a.e.a., de P.t.n. \leq 2,3 MWt e \geq 70 kWt	C	01 04 04 04
a.e.a., de P.t.n. $<$ 70 kWt	-	01 04 04 05
Motores de combustión interna de P.t.n. $>$ 20 MWt	A	01 04 05 01
a.e.a., de P.t.n. \leq 20 MWt e $>$ 5 MWt	B	01 04 05 02
a.e.a., de P.t.n. \leq 5 MWt e \geq 1 MWt	C	01 04 05 03
a.e.a., de P.t.n. $<$ 1 MWt	-	01 04 05 04
Fornos de coque	A	01 04 06 00
Destilación ou licuefacción de carbóns ou madeiras	A	01 04 07 01
Gasificación do carbón ou biomasa primaria	B	01 04 07 02
MINARÍA DO CARBÓN; EXTRACCIÓN DE PETRÓLEO/GAS		01 05
Caldeiras de P.t.n. \geq 300 MWt	A	01 05 01 00
a.e.a., de P.t.n. $<$ 300 MWt e \geq 50 MWt	A	01 05 02 00
a.e.a., de P.t.n. $<$ 50 MWt e $>$ 20 MWt	B	01 05 03 01
a.e.a., de P.t.n. \leq 20 MWt e $>$ 2,3 MWt ⁽¹⁾	B	01 05 03 02
a.e.a., de P.t.n. \leq 2,3 MWt e \geq 70 kWt ⁽¹⁾	C	01 05 03 03
a.e.a., de P.t.n. $<$ 70 kWt	-	01 05 03 04
Turbinas de gas de P.t.n. \geq 50 MWt	A	01 05 04 01
a.e.a., de P.t.n. $<$ 50 MWt e $>$ 20 MWt	B	01 05 04 02
a.e.a., de P.t.n. \leq 20 MWt e $>$ 2,3 MWt	B	01 05 04 03
a.e.a., de P.t.n. \leq 2,3 MWt e \geq 70 kWt	C	01 05 04 04
a.e.a., de P.t.n. $<$ 70 kWt	-	01 05 04 05

ACTIVIDADE	GRUPO	CÓDIGO
Motores de combustión interna de P.t.n. > 20 MWt	A	01 05 05 01
a.e.a., de P.t.n. <= 20 MWt e > 5 MWt	B	01 05 05 02
a.e.a., de P.t.n. <= 5 MWt e >= 1 MWt	C	01 05 05 03
a.e.a., de P.t.n. < 1 MWt	-	01 05 05 04
Turbinas de P.t.n. >= 50 MWt ou motores de combustión interna de P.t.n. >= 20 MWt utilizados para accionar compresores	A	01 05 06 01
Turbinas de P.t.n. < 50 MWt e > 2,3 MWt ou motores de combustión interna de P.t.n. < 20 MWt e > 5 MWt utilizados para accionar compresores	B	01 05 06 02
Turbinas de P.t.n. <= 2,3 MWt e >= 70 kWt ou motores de combustión interna de P.t.n. <= 5 MWt e >= 1 MWt utilizados para accionar compresores	C	01 05 06 03
Turbinas de P.t.n. < 70 kWt ou motores de P.t.n. < 1 MWt utilizados para accionar compresores	-	01 05 06 04
COMBUSTIÓN EN SECTORES NON INDUSTRIAIS		02
COMERCIAL E INSTITUCIONAL		02 01
Caldeiras de P.t.n. >= 300 MWt	A	02 01 01 00
a.e.a., de P.t.n. < 300 MWt e >= 50 MWt	A	02 01 02 00
a.e.a., de P.t.n. < 50 MWt e > 20 MWt	B	02 01 03 01
a.e.a., de P.t.n. <= 20 MWt e >= 2,3 MWt	C	02 01 03 02
a.e.a., de P.t.n. < 2,3 MWt	-	02 01 03 03
Turbinas de gas de P.t.n. >= 50 MWt	A	02 01 04 01
a.e.a., de P.t.n. < 50 MWt e > 20 MWt	B	02 01 04 02
a.e.a., de P.t.n. <= 20 MWt e >= 2,3 MWt	C	02 01 04 03
a.e.a., de P.t.n. < 2,3 MWt	-	02 01 04 04
Motores de combustión interna de P.t.n. > 20 MWt	A	02 01 05 01
a.e.a., de P.t.n. <= 20 MWt e > 5 MWt	B	02 01 05 02
a.e.a., de P.t.n. <= 5 MWt e >= 1 MWt	C	02 01 05 03
a.e.a., de P.t.n. < 1 MWt	-	02 01 05 04
Outros equipamentos combustión non especificados anteriormente de P.t.n. >= 2,3 MWt	C	02 01 06 01
a.e.a., de P.t.n. < 2,3 MWt	-	02 01 06 02
RESIDENCIAL		02 02
Caldeiras de P.t.n. >= 50 MWt	A	02 02 01 00
a.e.a., de P.t.n. < 50 MWt e > 20 MWt	B	02 02 02 01
a.e.a., de P.t.n. <= 20 MWt e >= 2,3 MWt	C	02 02 02 02
a.e.a., de P.t.n. < 2,3 MWt	-	02 02 02 03
Turbinas de gas de P.t.n. >= 50 MWt	A	02 02 03 01
a.e.a., de P.t.n. < 50 MWt e > 20 MWt	B	02 02 03 02
a.e.a., de P.t.n. <= 20 MWt e >= 2,3 MWt	C	02 02 03 03
a.e.a., de P.t.n. < 2,3 MWt	-	02 02 03 04
Motores de combustión interna de P.t.n. > 20 MWt	A	02 02 04 01
a.e.a., de P.t.n. <= 20 MWt e > 5 MWt	B	02 02 04 02
a.e.a., de P.t.n. <= 5 MWt e >= 1 MWt	C	02 02 04 03
a.e.a., de P.t.n. < 1 MWt	-	02 02 04 04
Outros equipamentos combustión non especificados anteriormente de P.t.n. >= 2,3 MWt	C	02 02 05 01
a.e.a., de P.t.n. < 2,3 MWt	-	02 02 05 02

ACTIVIDADE	GRUPO	CÓDIGO
SECTOR AGRARIO (AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E ACUICULTURA)		02 03
Caldeiras de P.t.n. ≥ 50 MWt	A	02 03 01 00
a.e.a., de P.t.n. < 50 MWt e > 20 MWt	B	02 03 02 01
a.e.a., de P.t.n. ≤ 20 MWt e $> 2,3$ MWt ⁽¹⁾	B	02 03 02 02
a.e.a., de P.t.n. $\leq 2,3$ MWt e ≥ 500 kWt ⁽¹⁾	C	02 03 02 03
a.e.a., de P.t.n. < 500 kWt	-	02 03 02 04
Turbinas de gas de P.t.n. ≥ 50 MWt	A	02 03 03 01
a.e.a., de P.t.n. < 50 MWt e > 20 MWt	B	02 03 03 02
a.e.a., de P.t.n. ≤ 20 MWt e $> 2,3$ MWt	B	02 03 03 03
a.e.a., de P.t.n. $\leq 2,3$ MWt e ≥ 500 kWt	C	02 03 03 04
a.e.a., de P.t.n. < 500 kWt	-	02 03 03 05
Motores de combustión interna de P.t.n. > 20 MWt	A	02 03 04 01
a.e.a., de P.t.n. ≤ 20 MWt e > 5 MWt	B	02 03 04 02
a.e.a., de P.t.n. ≤ 5 MWt e ≥ 1 MWt	C	02 03 04 03
a.e.a., de P.t.n. < 1 MWt	-	02 03 04 04
Outros equipamentos de combustión non especificados anteriormente de P.t.n. ≥ 500 kWt	C	02 03 05 01
a.e.a., de P.t.n. < 500 kWt	-	02 03 05 02
PROCESOS INDUSTRIAIS CON COMBUSTIÓN		03
CALDEIRAS DE COMBUSTIÓN, TURBINAS DE GAS, MOTORES E OUTROS		03 01
Caldeiras de P.t.n. ≥ 300 MWt	A	03 01 01 00
a.e.a., de P.t.n. < 300 MWt e ≥ 50 MWt	A	03 01 02 00
a.e.a., de P.t.n. < 50 MWt e > 20 MWt	B	03 01 03 01
a.e.a., de P.t.n. ≤ 20 MWt e $> 2,3$ MWt ⁽¹⁾	B	03 01 03 02
a.e.a., de P.t.n. $\leq 2,3$ MWt e ≥ 70 kWt ⁽¹⁾	C	03 01 03 03
a.e.a., de P.t.n. < 70 kWt	-	03 01 03 04
Turbinas de gas de P.t.n. ≥ 50 MWt	A	03 01 04 01
a.e.a., de P.t.n. < 50 MWt e > 20 MWt	B	03 01 04 02
a.e.a., de P.t.n. ≤ 20 MWt e $> 2,3$ MWt	B	03 01 04 03
a.e.a., de P.t.n. $\leq 2,3$ MWt e ≥ 70 kWt	C	03 01 04 04
a.e.a., de P.t.n. < 70 kWt	-	03 01 04 05
Motores de combustión interna de P.t.n. > 20 MWt	A	03 01 05 01
a.e.a., de P.t.n. ≤ 20 MWt e > 5 MWt	B	03 01 05 02
a.e.a., de P.t.n. ≤ 5 MWt e ≥ 1 MWt	C	03 01 05 03
a.e.a., de P.t.n. < 1 MWt	-	03 01 05 04
Outros equipamentos de combustión non especificados anteriormente de P.t.n. ≥ 50 MWt	A	03 01 06 01
a.e.a., de P.t.n. < 50 MWt e $> 2,3$ MWt	B	03 01 06 02
a.e.a., de P.t.n. $\leq 2,3$ MWt e ≥ 100 kWt	C	03 01 06 03
a.e.a., de P.t.n. < 100 kWt	-	03 01 06 04
FORNOS DE PROCESOS SEN CONTACTO		03 02
Estufas de forno alto	A	03 02 03 00
Fornos de xeso (c.p. > 50 t/día)	A	03 02 04 01
a.e.a., de (c.p. ≤ 50 t/día)	B	03 02 04 02
Fornos sen contacto na produción de aluminio	A	03 02 05 01
Fornos sen contacto en galvanización en siderurxia integral	A	03 02 05 03

ACTIVIDADE	GRUPO	CÓDIGO
Equipamentos de combustión sen contacto directo na industria alimentaria en coccións, esterilización ou operacións similares de P.t.n. \Rightarrow 2,3 MWt a.e.a., de P.t.n. \leq 2,3 MWt e \geq 70 kWt ⁽¹⁾	B	03 02 05 06
Outros fornos sen contacto non especificados noutras epígrafes con P.t.n. > 2,3 MWt a.e.a., de P.t.n. \leq 2,3 MWt e >70 kWt	C ⁽²⁾	03 02 05 07
	B	03 02 05 09
	C ⁽²⁾	03 02 05 10
PROCESOS CON CONTACTO		03 03
Plantas de sinterización ou peletización	A	03 03 01 00
Fornos de requetamento de aceiro para laminación en quente con c.p. > 20 t/hora a.e.a., de c.p. \leq 20 t/hora	B	03 03 02 01
	C	03 03 02 02
Fornos de requetamento de ferro para laminación en quente con c.p. > 20 t/hora a.e.a., de c.p. \leq 20 t/hora	B	03 03 02 03
	C	03 03 02 04
Tratamentos térmicos ou termoquímicos do aceiro, como recocedura, tempero, mingua, cementación, austenización, recristalización ou similares non especificados nas epígrafes 03 03 02 01 e 03 03 02 02, con P.t.n. \geq 2,3 MWt a.e.a., con P.t.n. < 2,3 MWt	B	03 03 26 01
	C	03 03 26 02
Tratamentos térmicos ou termoquímicos do ferro, como recocedura, tempero, mingua, cementación, austenización, recristalización ou similares non especificados nas epígrafes 03 03 02 01 e 03 03 02 02, con P.t.n. \geq 2,3 MWt a.e.a., con P.t.n. < 2,3 MWt	B	03 03 26 03
	C	03 03 26 04
Fundición de aceiro con capacidade de fusión > 2,5 t/hora a.e.a., con \leq 2,5 t/hora	A	03 03 03 01
	B	03 03 03 02
Fundición de metais ferrosos con capacidade de fusión > 20 t/día a.e.a., con \leq 20 t/día	A	03 03 03 04
	B	03 03 03 05
Tratamento (rexeneración térmica) de areas de fundición ou doutros materiais similares procedentes das instalacións de fundición	B	03 03 03 07
Forxa con martelos cando a potencia térmica utilizada sexa > 20 MWt	A	03 03 26 05
Forxa con martelos cando a potencia térmica utilizada sexa \leq 20 MWt	B	03 03 26 06
Produción de chumbo primario	A	03 03 04 00
Produción de zinc primario	A	03 03 05 00
Produción de cobre primario	A	03 03 06 00
Produción primaria doutros metais non especificados noutras epígrafes, tales como o cromo, cadmio, antimonio, manganeso, estaño, mercurio ou outros	A	03 03 26 08
Produción de chumbo secundario con capacidade de fusión > 4 t/día a.e.a., con capacidade de fusión \leq 4 t/día	A	03 03 07 01
	B	03 03 07 02
Refundición de chumbo (a partir de lingotes ou similares)	B	03 03 07 03
Produción de zinc secundario con capacidade de fusión > 20 t/día a.e.a., con capacidade de fusión \leq 20 t/día	A	03 03 08 01
	B	03 03 08 02
Refundición de zinc (a partir de lingotes ou similares)	B	03 03 08 03
Produción de cobre secundario con capacidade de fusión > 20 t/día a.e.a., con capacidade de fusión \leq 20 t/día	A	03 03 09 01
	B	03 03 09 02
Refundición de cobre (a partir de lingotes ou similares)	B	03 03 09 03
Produción de aluminio secundario con capacidade de fusión > 20 t/día a.e.a., con capacidade de fusión \leq 20 t/día	A	03 03 10 01
	B	03 03 10 02
Refundición de aluminio ou <i>zamak</i> (a partir de lingotes ou similares)	B	03 03 10 03
Produción secundaria doutros metais non especificados noutras epígrafes, tales como o cromo, cadmio, antimonio, manganeso, estaño, mercurio ou outros (capacidade de fusión > 4 t/día)	A	03 03 26 10
a.e.a. (capacidade de fusión \leq 4 t/día)	B	03 03 26 11
Refundición doutros metais non especificados noutras epígrafes, tales como o cromo, cadmio, antimonio, manganeso, estaño, mercurio ou outros (a partir de lingotes ou similares)	B	03 03 26 14
Produción de alúmina	A	03 03 22 00
Produción de magnesio (tratamento de dolomita)	A	03 03 23 00
Produción de níquel (proceso térmico)	A	03 03 24 00

ACTIVIDADE	GRUPO	CÓDIGO
Forno de <i>clinker</i> para a fabricación de cemento	A	03 03 11 00
Forno de cal (para produción de cal ou produción ou uso en calquera sector como ferro, aceiro, pasta de papel ou demais) con c.p. > 50 t/día	A	03 03 12 01
a.e.a. con c.p. <= 50 t/día	B	03 03 12 02
Produción de mesturas bituminosas ou conglomerados asfálticos	B	03 03 13 00
Produción de vidro plano (equipamentos con capacidade de fusión > 20 t/día)	A	03 03 14 01
a.e.a (equipamentos con capacidade de fusión <= 20 t/día)	B	03 03 14 02
Produción de vidro oco (equipamentos con capacidade de fusión > 20 t/día)	A	03 03 15 01
a.e.a (equipamentos con capacidade de fusión <= 20 t/día)	B	03 03 15 02
Produción de la de vidro (equipamentos con capacidade de fusión > 20 t/día)	A	03 03 16 01
a.e.a (equipamentos con capacidade de fusión <= 20 t/día)	B	03 03 16 02
Produción doutros vidros non especificados noutras epígrafes con equipamentos con capacidade de fusión > 20 t/día	A	03 03 17 01
a.e.a (equipamentos con capacidade de fusión <= 20 t/día)	B	03 03 17 02
Fabricación de fritas	A	03 03 17 03
Produción de la de rocha, fibras ou outros materiais minerais non especificados noutras epígrafes (equipamentos con capacidade de fusión => 20 t/día)	A	03 03 18 01
a.e.a (equipamentos con capacidade de fusión < 20 t/día)	B	03 03 18 02
Produción de tixolos, tellas ou outros materiais de construción asimilables non especificados noutras epígrafes con c.p. => 75 t/día	A	03 03 19 01
a.e.a., con c.p. < 75 t/día e => 25 t/día ou => 10 t/día no caso de utilizar fornos que empreguen combustibles sólidos ou líquidos	B	03 03 19 02
Produción de tixolos, tellas ou outros materiais de construción asimilables non especificados noutras epígrafes con independencia do tipo de combustible empregado	C	03 03 19 03
Produción de materiais de cerámica fina, azulexos, baldosas, porcelana, louza, cerámica sanitaria ou similares	B	03 03 20 02
Produción de cerámica artística ou olaría en fornos que empregan combustibles sólidos ou líquidos, con c.p. => 100 t/ano	B	03 03 20 06
a.e.a., en fornos que empregan combustibles gasosos, con c.p. => 100 t/ano	C	03 03 20 07
Produción de cerámica artística ou olaría en fornos con independencia do tipo de combustible empregado con c.p. < 100 t/ano	-	03 03 20 08
Procesos de secado na industria papeleira	C	03 03 21 00
Produción de pigmentos ou cores cerámicos	A	03 03 25 01
Produción de esmaltes	B	03 03 25 02
Fornos de contacto directo para calcinación na fabricación de magnesita	A	03 03 26 20
Atomizadores (industria cerámica ou similares) de P.t.n. >= 1 MWt	A	03 03 26 22
a.e.a., de P.t.n. < 1 MWt	B	03 03 26 23
Equipamentos de combustión de contacto directo na industria alimentaria en secadoiros ou instalacións de afumado, esterilización, ou operacións similares de P.t.n. => 20 MWt	B	03 03 26 31
a.e.a., de P.t.n. => 2,3 MWt e < 20 MWt	C ⁽²⁾	03 03 26 32
a.e.a., de P.t.n. < 2,3 MWt	- ⁽²⁾	03 03 26 33
Equipamentos de secado, granulado ou similares ou de aplicación de calor por contacto directo con gases de combustión, non especificados noutras epígrafes, de potencia térmica nominal => 20 MWt	A	03 03 26 34
a.e.a., de P.t.n. => 2,3 MWt e < 20 MWt	B ⁽²⁾	03 03 26 35
a.e.a., de P.t.n. => 70 kWt e < 2,3 MWt	C ⁽²⁾	03 03 26 36
a.e.a., de P.t.n. < 70 kWt	- ⁽²⁾	03 03 26 37
PROCESOS INDUSTRIAIS SEN COMBUSTIÓN		04
REFINACIÓN DE PETRÓLEO		04 01
Procesamento de produtos petrolíferos: emisións por focos canalizados (continuos ou descontinuos) derivadas de exectores, lavadores, <i>strippers</i> ou outros equipamentos similares non recollidos baixo o resto de epígrafes 04 01	B	04 01 01 00
<i>Cracking</i> catalítico fluído-forno de CO	A	04 01 02 00

ACTIVIDADE	GRUPO	CÓDIGO
Plantas de recuperación de xofre	A	04 01 03 00
Almacenamento de produtos petrolíferos en refinarias	B	04 01 04 01
Manipulación de produtos petrolíferos en refinarias. Emisións fuxitivas derivadas de dispositivos tales como válvulas, bombas, instrumentación, bridas, selos ou elementos similares	B	04 01 04 02
Manipulación de materiais pulverulentos en refinarias como poden ser o coque de petróleo ou o xofre	B	04 01 05 00
INDUSTRIA DO FERRO E DO ACEIRO E NAS COQUERÍAS		04 02
Apertura (carga/descarga) ou extinción dos fornos de coque	A	04 02 01 00
Carga de fornos altos	A	04 02 02 00
Coadas de gusa	A	04 02 03 00
Tratamento de escouras siderúrxicas	A	04 02 10 01
Tratamento de gas de coque ou de alto forno	A	04 02 10 02
Produción de semicoque sólido	A	04 02 04 00
Fornos de soleira das aceirarías	A	04 02 05 00
Fornos de oxixeno básico das aceirarías (convertedores)	A	04 02 06 00
Unidades de afinación (axuste de propiedades do aceiro) en aceirarías	B	04 02 10 03
Fornos eléctricos das aceirarías (c.p. > 2,5 t/hora)	A	04 02 07 01
a.e.a. (c.p. ≤ 2,5 t/hora)	B	04 02 07 02
Fornos eléctricos (incluídos os fornos de indución) en fundicións férreas (capacidade de fusión ≥ 5 t/día)	B	04 02 07 03
a.e.a. (capacidade de fusión < 5 t/día)	C	04 02 07 04
